

Asunto: Listado proxectos seleccionados 2ª fase vía maduración+investimento
Procedemento: IN855A Programa Ignicia Proba de concepto

O artigo 11 da Resolución do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as condicións xerais do Programa Ignicia proba de concepto e se procede á súa convocatoria (DOG nº 166 do 2 de setembro de 2016) establece que a avaliación dos proxectos presentados á fase de maduración efectuarase en dúas etapas sucesivas, tendo a primeira das mesmas carácter excluínte, de xeito tal que o paso á segunda avaliación, requirirá a superación satisfactoria da primeira.

Na primeira avaliación e preselección comprobouse a adecuación dos proxectos que se presentaron aos obxectivos do Programa Ignicia-Proba de concepto, así como dos restantes requisitos considerados mínimos para poder optar ao financiamento. De acordo có informe elaborado na sesión do 30 de novembro de 2016 polo Comité de Investimentos, esta fase foi superada por 25 proxectos.

Na segunda fase realizouse unha avaliación exhaustiva e en detalle de cada un dos proxectos que superou satisfactoriamente a primeira avaliación, tanto de aspectos técnicos, como de viabilidade económica e comercial. Para esta avaliación contou coa colaboración dos expertos de Oxford University Innovation, referente a nivel mundial no ámbito da transferencia de tecnoloxía. Esta segunda avaliación inclúe a emisión dun informe sobre a calidade da ciencia en termos de protección, propiedade e maduración tecnolóxica, que será remitido de xeito individual a cada entidade solicitante.

Segundo se indica no artigo 11 da convocatoria, á vista destes informes, o Comité de Investimentos realizará a selección definitiva daqueles proxectos que pasarán ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento, entendéndose como tales aqueles que superen a puntuación mínima de 70 puntos.

En virtude do anterior, o Comité de Investimentos previsto no artigo 10 da convocatoria, en reunión de data 14 de febreiro de 2017, acordou que os 7 proxectos seleccionados para pasar ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento son (por orde de expediente):

Nº expediente	Entidade promotora	Acrónimo
IN855A 2016/06	Universidade de Vigo	BIOFAST
IN855A 2016/11	Universidade de Santiago de Compostela	ONCOMETA
IN855A 2016/12	Universidade de Santiago de Compostela	REPROSTEATOSIS
IN855A 2016/13	Universidade de Vigo	XHS PLATFORM
IN855A 2016/14	Universidade de Vigo	UBISMAST
IN855A 2016/19	Universidade de Santiago de Compostela	MATPRINT
IN855A 2016/30	Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia -GRADIANT	FACE IDNN

Estamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida ou aclaración sobre o programa nos teléfonos 981 951 073 e 981 957 393, no enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal, ou mesmo presencialmente na Axencia Galega de Innovación, rúa Airas Nunes s/n (CNTG), en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela,
A xefa do Departamento de Servizos e Observatorio da Innovación da Axencia Galega de Innovación
Teresa Bernal Cortegoso

